

Ramón Otero Pedrayo

O SEÑORITO DA REBORAINA



literaria
OBRAS DE OTERO PEDRAYO. 10

galaxia

O SEÑORITO DA REBORAINA

1ª edición, 1960
1ª edición en Galaxia, 1996
1ª edición dixital, 2009

© Herdeiros de Ramón Otero Pedrayo, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-984-9

Ilustración da capa
Auguste Renoir: *O xantar dos remeiros* (fragmento)

Maqueta da colección e
deseño da cuberta
MANUEL JANEIRO

Ramón Otero Pedrayo

O SEÑORITO DA REBORAINA

Edición de
Xosé Manuel Salgado



1. DENDE OS ERMOS DO PARAÑO ÁS FARTURENTAS TERRAS DE REDONDELA

O 30 de xaneiro de 1936, Otero Pedrayo, na súa casa da rúa da Paz de Ourense, puña punto final á que sería a súa última novela escrita en galego anterior á Guerra Civil: *O mesón dos ermos*[1]. As terras do Paraño convertíanse deste xeito, na triste e escura cova onde viña a morrer todo un mundo ficcional, que o narrador ourensán comezara a deseñar once anos atrás da man de *Pantelas, home libre*[2]. Pechábase así, o ciclo novelesco máis fecundo do escritor na lingua da súa propia terra.

Descoñecemos se Otero, coas chamas que devoraron aquela pousada de tratantes e arrieiros e coa volta do "imperio podente, cego, misterioso da serra"[3], quixo plasmar en letra impresa a intuición dun mal agoiro que cobraría forma en breve. O certo é que o clima político

1. Ramón Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos*, Ourense, Aláuda, 1936.

2. Ramón Otero Pedrayo, *Pantelas, home libre,* A Cruña, Lar, 1925.

3. Ramón Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos*, p. 202.

daquel entón fórase estragando con mil e unha tensións encontradas, que impediran ó goberno da República —aquel ó que lealmente servira don Ramón—, controlar unha situación que se lle escapara das mans. Todo o movemento insurreccional fórase preparando, agochadamente, dende había tempo, moito antes daquel 18 de xullo de 1936, o fatídico día en que quedaron arriadas as bandeiras da liberdade. O goberno lexítimo, o goberno republicano perecía a mans dos xenerais que outrora lle xuraran fidelidade. España quedou escindida en dous bloques afastados por unha sima abisal que habería de ser de longa e non doada superación. Foron tres anos de terror, sangue e morte.

Ó remate da guerra, un sinistro telón caía como embocadura no escenario dun país desfeito. A maioría dos compoñentes daquel ambicioso proxecto político e cultural que se chamou *Nós*, que, dende logo, apoiaran abertamente á República, castigouselles con extrema dureza. Algúns dos seus membros morreron durante a guerra ou entre os bastidores da mesma; ós superviventes, só lles quedou a escolla de dúas direccións que sinalaban os únicos itinerarios posibles: o exilio, coa súa cadea de circunstancias e situacións dolorosas, ou un aldraxante silencio para poder percorre-lo non menos doloroso camiño do exilio interior. "Eu fiquei en Ourense —confesa Otero a Víctor Freixanes—, antre este piso e a miña casa de Trasalba, vivindo, lendo, matinando moito nas cousas que pasaban mentres ao meu derredor todo se derrumbaba"[4].

4. Víctor F. Freixanes, *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, 1976, p. 36.

Don Ramón, pois, principia a súa andadura por un camiño escuro e lamacento, asombrado polos caracochos dunhas árbores que ás veces lle fan guiños de morte, do que é dificil maxina-lo seu punto de destino e imposible procurar unha saída para poder tomar outro vieiro. A memoria, fráxil brúxula na negra noite, vai se-lo seu único salvavidas naquel mundo que lle foi dado habitar.

A febril actividade desplegada por Otero Pedrayo nos anos anteriores á Guerra Civil contrasta co obrigado repouso que ten que gardar no inicio da longa noite de pedra. Un repouso que comeza o 21 de agosto de 1937, cando a Junta Técnica del Estado o dá de baixa no escalafón de Catedráticos de Instituto. E Otero, como atinadamente indicou Carlos Casares, vai atopar na escrita a paz espiritual perdida[5].

No momento en que inicia a madurez, paralela, moi ó seu pesar, á progresiva reducción das súas actividades pedagóxicas e políticas, aquela veu acompañada por un incremento notable da súa adicación á escrita. Pedrayo exemplifica agora ó escritor integramente volcado no seu labor; ó profesional devoto do seu oficio. Artigos de xornal e de revista, libros de temas científicos, monografías e narracións de diferente natureza acreditan, por estes anos, a súa ampla capacidade de traballo. Pero é un escritor, que nun primeiro momento, por necesidades imperiosas e imperiais, ten que volver á lingua de *La Centuria*, revista na que a súa pluma deitara os seus dous primeiros artigos[6].

5. Carlos Casares, *Otero Pedrayo*, Vigo, Galaxia, 1981, p. 163.

6. Será a partir do ano 1948 e dende as páxinas do xornal compostelano *La Noche*, cando volva emprega-lo galego dun xeito sistemático nas colaboracións de prensa.

E vai ser fundamentalmente na prensa onde atopa un medio para vivir e escribir, que no seu caso é o mesmo. Entre 1937 e 1946, tanto en diversos xornais e revistas publicadas en Galicia —*El Pueblo Gallego, La Región, La Noche, El Correo Gallego, Misión, Finisterre*—, como noutras publicacións do resto do estado —as madrileñas *Santo y Seña, Artes y Letras, Misión* ou a barcelonesa *Destino*—, ven a luz un considerable número de artigos debidos á autoría de Otero Pedrayo, asinados agora baixo os pseudónimos de *Luís de Alba, Juan Gallego, Luís Peñanofre* ou *Santiago Amaral*[7]. Son colaboracións nas que se reflicte todo o seu mundo: a xeografía, a música, a historia, a novela, a poesía e a cultura en xeral. A súa materia son as ideas, as reflexións arredor da literatura, da arte e dunha Galicia que estivo sempre no punto de mira do escritor, xa que nalgunhas delas, aínda que de forma solapada, amósaseno-la visión inconformista dun Otero fortemente motivado pola preocupación e a dolor do momento histórico que vive a súa terra. Escritos co coidadoso e esmerado estilo que caracterizan ó mellor xornalismo literario, revélasenos neles coma un consumado orfebre da prosa, exercendo o seu señorío sobre unha linguaxe perfectamente clásica e, ó tempo, moderna, precisa e vital, que transmite, á vez que un latexar estético indubidable, unhas mensaxes de grande calado ético, dunha envergadura moral tan elevada como real. Quizais as súas opinións espertasen unicamente o interés dalgúns poucos, porque os seus artigos fan traballa-lo

7. Xosé Filgueira Valverde, "Os seudónimos de Otero Pedrayo", *Adral,* Sada-A Coruña, Ediciós do Castro, 1979, pp. 393-396.

sentido, pero as súas ideas, enchidas de verdades indiscutibles, gozaron entre moitos de merecido prestixio e difundíronse coma os argumentos dunha autoridade confirmada. Díxose algunha vez que, contra o que poida parecer, son os grandes creadores os mellores mestres da divulgación.

Naquel tempo suspendido, no que a esperanza a penas facía acto de presencia, Otero Pedrayo xunto con Gómez Román e Plácido Castro manteñen na clandestinidade o vello Partido Galeguista, aínda que, por razóns obvias, descargan a responsabilidade política nos militantes máis mozos, como Ramón Piñeiro ou Francisco Fernández del Riego, politicamente menos queimados e que, ó mesmo tempo, se converterán nos seus interlocutores-receptores de anceios, dolores e esperanzas. Era aquel un tempo de espera, que a pesar do horror cercano, permitía ir recuperando paseniñamente a condición humana. Trasalba e a súa casa da rúa da Paz foron os santuarios laicos ós que acudían moitos dos mozos preocupados pola realidade do país. Tamén pasaron por alí os aprendices de escritores, de artistas e, por suposto, os seus amigos. Era en moitos casos o pai e, sempre, o mestre de todos eles. "Don Ramón —Alonso Montero *dixit*— é percibido mesmo extramuros da cidadela galeguista, como o Presidente moral dunha Galicia que non fora totalmente esmagada, como símbolo, o máis ilustre, da nosa Resistencia. Case sagrado dentro do galeguismo, era case intocable fóra"[8].

8. Xesús Alonso Montero, *Informe(s) sobre a lingua galega. (Presente e pasado)*, Vigo, Edicións do Cumio, 1991, p. 119.

En 1947, un ano antes da súa reposición na cátedra[9], invitado pola Comisión de Cultura do Centro Galego de Bos Aires, Otero embárcase cara a América[10]. A palabra apaixonada, lúcida e nobre do "Verbo galego"[11] é a mensaxe patriótica que lles chega ós exiliados dende a outra banda do mar. En Bos Aires, Otero, que viña por estes anos dedicando as súas enerxías á actividade literaria e científica, a instancias de don Manuel Puente, comprométese e responsabilízase da dirección dunha *Historia de Galicia* na que colaborarían outros especialistas residentes na Galicia metropolitana[12]. Pero tamén alí, na capital arxentina, sabe que o agarda a fraternal e xenerosa apreta de Castelao; un home que viu como a guerra lle arrebataba todo: profesión, carreira de escritor e mesmo a súa propia terra para lanzalo ó exilio errabundo por terras americanas. Despois da Guerra Civil, vai se-la primeira e, ó tempo, derradeira vez, que Otero Pedrayo se tope co seu vello amigo, convertido agora no singular referente simbólico que ten no exilio o nacionalismo republicano.

De volta xa na Terra, Otero segue a empeña-lo seu esforzo no quefacer artístico. Crítico e teórico sen fisuras, vai debullando en innumerables textos as súas ideas sobre o pensamento, a arte e a literatura. Non esquece así mesmo, o seu contacto directo coa xente, acudindo a

9. Repóñeno na cátedra o 21 de setembro do ano 1948.

10. As impresións suscitadas en Otero no decurso da viaxe, quedarán reflectidas nas páxinas do seu libro *Por os vieiros da saudade*, publicado en 1952.

11. Xesús Alonso Montero, *Informe(s)...*, p. 119.

12. Xesús Alonso Montero, *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1995, p. 138.

cantos foros é requerida a súa presencia. Pola maxia do seu verbo vivo e fulxente, a idea e o sentimento de Galicia vai prendendo con forza no corazón dos novos, espertando tamén ós máis vellos daquel letargo no que se viran agrilloados e ensumidos. Don Ramón é xa o símbolo vivo da Galicia inmorredoira.

Cando se constitúe a Editorial Galaxia en 1950, preside dende o primeiro momento o seu Consello Editorial. Otero, en palabras de Ramón Piñeiro, "consideraba que esa empresa político-cultural era a grande empresa da reconstrucción interna de Galicia e con esa convicción profunda presidiuna ata o día da súa morte, coa íntima ilusión e co fondo respeto que alentaba sempre no seu ideal galeguista"[13].

A súa incorporación a Galaxia corre paralela á súa chegada á Cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago[14]. Instalado nun hotel da "noble, callada y solemne"[15] rúa Nova compostelana, ós seus 62 anos semella ter atopado por fin o aramio axeitado sobre o que camiñar.

En realidade, a querencia oteriana pola cidade viña xa de lonxe. As súas rúas, pazos, prazas, conventos e

13. Ramón Piñeiro, "Otero Pedrayo e Galaxia", *Boletín editorial de Galaxia* 3, (xaneiro-febreiro-marzo), Vigo, 1988.

14. Alternando coas súas viaxes a Ourense e mais a Trasalba, Otero permanece en Santiago dende o 25-III-1950, data na que accede por oposición á Catedra de Xeografía e Historia da Universidade Compostelana, ata o 5-III-1958, día da súa xubilación.

15. Ramón Otero Pedrayo, *Geografía de España. Presencia y potencia del suelo y del pueblo español*, Barcelona, Instituto Gallach de Librería y Ediciones, t. III, 1955, p. 234.

mailo cosmopolitismo das xentes que deambulan pola cidade xacobea, ocuparon un lugar de privilexio nos escritos de Otero Pedrayo dende unha época temperá. Pero vai ser agora durante a súa estadía en Compostela, "la más bella y lograda ciudad del Occidente de Europa"[16], cando a serena mirada do autor se vaia pousando sobre ámbitos, paisaxes e perspectivas sen tempo, todo o cal cristalizará nun fermosísimo libro, a medio camiño entre o testemuño confesional e a ficción, e que co título de *O espello na serán*[17] verá a luz algúns anos despois. Así mesmo, unha monumental *Geografía de España*, na que a cidade do Apóstolo recibe un meritorio tratamento, fai a súa aparición por este tempo[18].

Raudos e céleres pasaron os anos composteláns de don Ramón, os oito anos máis ledos da súa vida, segundo el mesmo confesará nalgunha ocasión[19]. Xa en Trasalba, lugar que a carón de Ourense acolle ó Patriarca no treito final da súa vida, un 27 de xaneiro de 1959 pon o punto final á que será a súa única novela escrita en galego despois da Guerra Civil e, ó tempo, derradeira do autor: *O señorito da Reboraina*[20].

Con todo, Otero, un home que escribía sen présas pero tamén sen pausas, endexamais descoidou a súa acti-

16. Ramón Otero Pedrayo, *El doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del siglo XIX*, CSIC-Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Madrid, 1952, p. 21.

17. Ramón Otero Pedrayo, *O espello na serán*, Vigo, Galaxia, 1966.

18. Ramón Otero Pedrayo, *Geografía de España...*, 1955-56.

19. Víctor F. Freixanes, *o.c.*, p. 37.

20. Ramón Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina*, Vigo, Galaxia, 1960.

vidade fabuladora, e na década dos corenta, en plena madurez e dominio do seu oficio, proseguiu o seu excepcional labor creativo de ficcións, desenvolvido, na súa maior parte, en castelán.

Las palmas del convento[21] e *Adolescencia*[22] xurdiron na Galicia da diáspora, mercede a ese acto de amor editorial propiciado por Luís Seoane. Sen ser unha obra de ficción, pero polo esencial relevo que ocupa dentro da producción oteriana, é mester salientar aquí o magnífico elenco de lembranzas que conforman *O libro dos amigos*, que ve a luz tamén nos lares da Galicia emigrante[23]. Neste florilexio de evocacións, molladas por bágoas de sangue unhas, nimbadas de luz e ledicia outras, séntense os latexos do corazón dun home que, fuxindo do convencional, rexeita todo asomo de vulgaridade tópica e sensibleira. Unha vez máis, a sabia man de Seoane tivo a gratificante culpa da aparición do volume.

Xa en Galicia, e aínda que rematada seis anos antes, en 1950 sae do prelo *La vocación de Adrián Silva*[24]. Á década dos corenta corresponde tamén o tempo da escri-

21. Ramón Otero Pedrayo, *Las palmas del convento*, Buenos Aires, Emecé, col. Hórreo, 1941.

22. Ramón Otero Pedrayo, *Adolescencia*, Buenos Aires, Nova, col. Camino de Santiago, 1944.

23. Ramón Otero Pedrayo, *O libro dos amigos*, Buenos Aires, Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, 1953.

24. Ramón Otero Pedrayo, *La vocación de Adrián Silva*, La Coruña, Moret,

ta de *La fiesta del conde Bernstein*, novela que non viu publicada en vida o seu autor[25].

O fabulador Otero tivo que agardar dezaseis anos para que unha das súas criaturas de ficción, *O desengano do prioiro*[26], unha pequena obriña de teatro, crebase o silencio idiomático que arrastraba dende 1936. Pouco despois, tamén no noso idioma, aparece *Bocarribeira*, o único poemario publicado polo Señor de Trasalba[27].

Se o castelán foi o idioma empregado habitualmente por Otero nas súas novelas da época de posguerra, non sucede o mesmo cos seus libros de contos, escritos integramente na lingua "más dulce y meliflua de cuantas han aparecido en Europa sobre las ruinas del antiguo idioma del Lacio"[28]. *Entre a vendima e a castañeira*[29] e os *Contos de Santos e Nadal*[30] non fan senón confirma-las excelentes dotes que ten o seu creador no cultivo deste xénero literario.

25. Ramón Otero Pedrayo, *La fiesta del conde Bernstein*, A Coruña, Fundación "Pedro Barrié de la Maza", 1988. A novela leva un limiar de Domingo García-Sabell.

26. Ramón Otero Pedrayo, *O desengano do prioiro ou o pasamento da alegría co gran auto epilogal e xusticieiro dos féretros de Floravia, por don...*, Vigo, Edicións Monterrey, MCMLII.

27. Ramón Otero Pedrayo, *Bocarribeira. Poemas para ler e queimar*, Madrid, Brais Pinto, 1958.

28. Juan Antonio Saco Arce, *Gramática gallega*, Lugo, Imprenta de Soto Freire, 1868, p. V.

29. Ramón Otero Pedrayo, *Entre a vendima e a castañeira*, Vigo, Galaxia, 1957.

30. Ramón Otero Perayo, *Contos de Santos e Nadal*, Vigo, Galaxia, 1988. Otero consigna ó final dun pequeno limiar o seguinte: "Sant Yago de Compostela, 8 dos Santos, 1956".

Agochados e caladiños dormen, dende 1957, os contos que Otero destinou a un volume que el mesmo titulara *Do San Lucas ó San Xohán. Sazós de Compostela*[31]. E mágoa que *O señorito da Reboraina*, con ser máis novo, leve xa varias anadas choutando polos soutos de Trasalba.

2. FORTUNA E XÉNESE DA HISTORIA DUN SEÑORITO

Para a crítica que con maior ou menor fortuna se achegou á obra de Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina* non pasa de ser máis ca un mero xogo lúdico[32], un divertimento[33] ou unha simple parodia do mundo da fidalguía[34], un mundo que outrora retratara Otero, ben en ton idílico, ou ben realista. Semellante valoración contribúe a que se veña considerando a derradeira novela do señor de Trasalba coma unha simple anécdota dentro da súa producción narrativa. Todos coinciden así mesmo, en que Pedrayo se serviu da figura histórica de don Juan Manuel Pereira para conforma-lo seu entramado novelesco, personaxe que, na consideración dalgún crítico, vén ser soamente o fío conductor, o elemento de engarce en-

31. Deste libro inédito, datado polo seu autor en Trasalba o 31 de Santiago de 1957, na revista *Dorna* (maio, 1982), publicáronse tres dos seus relatos: "Mazarelos", "Cos seus ollos de Arousa" e "Xureliña".

32. Anxo Tarrío Varela, *Literatura galega. Aportacións a unha historia crítica*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1994, p. 237.

33. Carlos Baliñas, "Otero intelectual", *CEG*, 93-95, (1978-1980), p. 39.

34. Ricardo Carballo Calero, *Historia da Literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 1975, p. 668.

tre os diversos episodios inseridos no mundo da fantasía "propio dunha novela bizantina moderna non lonxana á inspiración de Cunqueiro"[35].

Cómpre non esquencer que Otero, como moi ben puntualizou Risco, foi un "devoto dos grandes homes"[36] e ó longo da súa dilatada e fecunda actividade literaria, en non poucas ocasións, encamiñou os seus pasos cara o eido biográfico, cuns resultados en modo ningún desdeñables. As pormenorizadas aproximacións ás figuras de Cándido Cid, Marcelo Macías, Juan Manuel Bedoya, Varela de Montes e Frei Benito Jerónimo Feijóo[37] non son senón manifestos expoñentes do ben facer oteriano no xénero biográfico.

Pero este memorialista de vidas é tamén un adepto da fabulación grata, culta e humorística, repleta de raros saberes e de excelentes detalles eruditos e curiosos así coma da novela histórica. Novelou Otero en efecto, diversas etapas da vida de Galicia dende a Idade Media que viron a súa plasmación literaria en novelas como *A romeiría de Gelmírez* (1934) ou *Las palmas del convento* (1941), para en *Arredor de si* (1930) e en *Devalar* (1935) reflectir diversos momentos da historia da nosa nación

35. *Ibidem.*

36. Vicente Risco, "O señorito da Reboraina", *Grial*, 52, (1976), p. 262.

37. Ramón Otero Pedrayo, "Don Cándido Cid", *Boletín da Comisión de Monumentos de Ourense*, Ourense, 1939; *Vida del doctor don Marcelo Macías y García*, La Coruña, Moret, 1943; "Juan Manuel Bedoya", *Antología de escritores y artistas montañeses*, Santander, 1950; *El doctor Varela de Montes...*, *o. c.*; *El Padre Feijóo. Su vida, doctrina e influencias*, Orense, Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo", 1972.

contemporáneos á vida do propio autor, sen esquece-lo pasado inmediato, novelado en *Os camiños da vida* (1928) e nos *Contos do camiño e da rúa* (1932).

Dando por sentada a intención histórica da maior parte das súas novelas, é mester salientar así mesmo, que Otero gustou de recrea-la vida dalgúns personaxes históricos, materia esta que lle proporcionou o contido substancial para a confección dalgunhas das súas historias anoveladas. O tratamento narrativo, que no caso do noso autor adoita manter unha certa fidelidade ós datos coñecidos da historia da que se trata, pretende ensanchar, mercede ás aportacións da literatura, a nosa visión do personaxe. Así, dúas das novelas anteriormente mencionadas —*A romeiría de Gelmírez* e *Las palmas del convento*—, xunto con *Fra Vernero* (1934) e *O señorito da Reboraina*, son obras que responden a un mesmo propósito, moito máis ambicioso do que a pura reconstrucción arqueolóxica, cal é o de aplica-lo suposto de que a literatura é tamén un modo de coñecemento, un xeito particular de aprehende-la realidade. Descoñecemos cal foi o primeiro paso de Otero Pedrayo, se o interese por penetrar na Historia levou o seu maxín cara a recreación literaria de personaxes e anécdotas corroborados por ela, ou se pola contra, naceu primeiro a inquedanza de acollerse á Literatura, atopando esta naquela o acomodo que precisaba. O que si semella evidente é que ámbolos dous camiños se procuraron e se atoparon na posibilidade de comezar algo en común a través de narracións históricas que sustentan o seu interese na ficción da que xorden.

Pese a intuír Tarrío que a novela era algo máis ca un desenfadado exercicio de entretenemento, o citado críti-

co non desenvolveu a suxerente hipótese todo o que era de agardar, por ser el mesmo consciente de que iso conlevaría unha minuciosa análise da obra que, polo momento, non entraba dentro dos seus cometidos[38]. Foi Xosé Ramón Barreiro, nun excelente e documentadísimo artigo, quen defendeu a substantiva historicidade do relato, referíndose a esta obra como "a crónica novelada dunha biografía excepcional, a biografía de don Xoán Manuel Pereira de Castro, o fidalgo de Reboreda, conspirador, embaixador na China, polígamo, republicano e posiblemente masón"[39].

E certamente, aínda que no tratamento específico de personaxes, situacións e anécdotas desempeñe un papel esencial a imaxinación do novelista, imaxinación que en moitos casos se serve do humor e sobre todo da ironía, pedras angulares do texto que Otero manexa con habilidade, a obra cínguese a un propósito definido e concreto cal é o de novela-la vida de don Juan Manuel Pereira, señor de Reboreda. Como teremos ocasión de comprobar, Otero posúe un excelente soporte histórico-documental que se constituirá sen dúbida nunha tácita invitación ó lector para confronta-la "novela" coa "historia", a fin de corroborar deste xeito a súa esencial coincidencia. Digamos xa de an-

38. *Vid.* Anxo Tarrío, *o.c.*, p. 237.

39. Agradecemos encarecidamente ó profesor Xosé Ramón Barreiro Fernández o permitírno-lo acceso ó seu traballo "Ficción e realidade histórica na novela *O señorito da Reboraina* de Otero Pedrayo", traballo que permanece inédito no momento de redactarse estas liñas. O estudio do profesor Barreiro verá a luz nun volume publicado pola Universidade de Trier en homenaxe ó doutor Ramón Lorenzo.

temán que o narrador se creu na obriga de enche-lo relato de abundantes datos, especificando nomes, lugares e feitos por veces minúsculos, limitando a presencia e maila densidade dos elementos imaxinativos. Isto significa que estamos diante dunha novela que deixa fóra ó lector de superficie, ó necesitado de urxente entretemento e ó que acompañe un parco e limitado sentido da reflexión.

Nunha das escasas recensións que se lle fixeron á obra, a pluma amiga de Vicente Risco, carente quizais nesta ocasión dun estricto rigor crítico pero enormemente ilustrativa no referente á descuberta dalgunha das peculiares características do personaxe novelado, así coma do coñecemento que del puido te-lo propio Otero Pedrayo, podemos le-lo seguinte:

> Don Xoán Manuel Pereira foi sin dúbida un fidalgo abondoso, enlabiador, burlador, cospirador repubricán, diputado, home valente e de recursos, viaxeiro, embaixador de España no Estremo Oriente, etc. Somos máis de ún os que de nenos temos ouvido contar nas nosas casas moitas cousas dos seus xestos e anécdotas interesantes. Está, ou estivo, enterrado en Ourense; eu nono vin, pero compañeiros de Instituto describíronme o seu enterro, co cadaleito que levaba derriba o tricornio de Embaixador e tódalas súas bandas e condecoracións.
>
> Don Ramón conserva todos estes datos e outros máis da súa vida, reconstrúeos, detállaos, descríbeos, convirte ao dato un relato vivo, ademirativo ou irónico, según o caso, enlázaos, desenvólveos e insúflalles vida tal que nos fai sentir as fantásticas aventuras do fabuloso personaxe en toda a súa histórica realidade. Don Xoán Manuel Pereira, sendo un personaxe histórico, semella un personaxe inventado. Porén, moitos temos ouvido referir o ricaz anecdotario da súa vida e do seu viaxe a Siám, Filipinas e a China, que nos deixóu o mesmo don Xoán

> Manuel nun libro ilustrado con abondosos grabados, feitos de seguro sobre placas outidas polo seu fotógrafo áulico, de quen Otero Pedrayo nos dá ampla información[40].

De tódolos xeitos, cómpre desbotar de antemán un dato que Risco nos dá como certo: Pereira non está nin estivo endexamais enterrado en Ourense, segundo confirman as anotacións de libro de defuncións da parroquia ourensá de Santa Eufemia do Centro, ó que nos referiremos noutro lugar desta introducción. Pero Risco sérvenos en bandexa unha das fontes consultadas por Otero Pedrayo para a reconstrucción da vida do personaxe. O libro "ilustrado con abondosos grabados", debido á autoría do propio Pereira, do que nos fala Risco, non é outro que *Los países del Extremo Oriente,* volume que se conserva na biblioteca de Otero no seu pazo de Trasalba[41]. Neste libro de viaxes, adecuado perfectamente ás regras do xénero, Pereira non só se limita a relata-lo seu periplo por tan exóticos países, senón que nos fai sabedores de moitas das súas peripecias vitais —son frecuentes as alusións á actividade pública do señor de Reboreda—, informándonos ó tempo das súas opinións respecto da situación política da época. O volume constitúe, ó noso entender, unha das fontes documentais claves das que se serviu Otero para achegarse á vida do personaxe e, por conseguinte, para a confección da novela.

40. *Vid.* Vicente Risco, *o.c.*, p. 263.

41. Juan Manuel Pereira, *Los países del Extremo Oriente*, Madrid, Gaspar Editores, 1883. Na biblioteca de Trasalba consérvase un exemplar da obra, catalogado coa signatura D. 35.

Mais don Vicente na súa recensión apuntaba algo máis. Referíase o autor de *O porco de pé* ó enterro de don Juan Manuel, evento que el non presenciara pero do que coñecera a través dos relatos dos seus compañeiros de Instituto algúns pormenores. Aludía así mesmo ó feito de que don Xoán Manuel Pereira, "sendo un personaxe histórico, semella un personaxe inventado". Pois ben, Otero presenciou algo que non puido ver Risco e, por outra banda, como o propio don Ramón deixou escrito, trazos fantásticos con trazos reais conflúen no deseño ficcional do antigo embaixador. Da carta dirixida polo propio Otero a X. L. Méndez Ferrín, datada en Trasalba o 4 de marzo de 1961, e remitida en resposta a unha anterior do autor de *Percival* na que este o felicitaba pola aparición da novela, extractámo-lo seguinte parágrafo:

> Meu querido e ben lembrado:
>
> Non sabes canto me ten fortecido a tua carta. En agasallo erguín ó sol un novo vaso de viño e hastra co café botei us grolos de augardente con refrexos de laranxos e solpores. ¡Eu son un propiedario de roínas e quezais o findoiro señorito da aldea de Galiza! A xente de eiquí comeza a me enxergar como un mito. Isto tén súas vantaxes e súas perdas. Pois como os mitos ainda non teñen persoalidade civil, non demandan ós que lle tallan os carballizos e papan as mazás. Gocei moito escribindo "O señorito da Reboraina". Comprín tamén cun vodo á miña nenez e a Misia Morte. Pois foron os primeiros cirios e luces de velatorio que vin de neno os acesos arredor do corpiño amuchado de Don Xoán Manoeliño. Estou ledo con que gustaras do libro. Xa non preciso de outra opinión. Non é nin inteiramente fantástico nin por compreto realista. Defeito de outras

> cousas miñas. Non o podo vencer. Será a miña naturaleza de orla, de peinare, de lusco fusco[42].

Pensamos xa que logo que o relato non ten soamente a súa xénese na conversa xurdida "nunha sobremesa familiar", como tampouco cremos que da noite para a mañá comezara a tecelo "por pura diversión un xeógrafo-historiador, aficionado a escribir"[43]. En realidade, e aínda que esta historia viu a luz pouco antes de que o tempo convocase setenta e tres testigos contra o seu autor, a lembranza que Otero Pedrayo tiña de Pereira cobrou forma de letra impresa bastante tempo atrás. Nas páxinas da revista *Misión*, baixo o título "Viejos al sol: D. Juan y D. Ramón", Otero concibe un diálogo entre dous vellos mordidos xa pola morte, que lembran, mentres pasean, épocas pretéritas. Nas mentes dun deles, está vivo o recordo de don Juan Manuel Pereira:

> —¡Qué vista ni que niño muerto! Sólo se ve la antigua casa de aquel D. Miguel con sus cipreses.
>
> —Pero cuántas veces le voy a decir que esa casa no fue nunca de D. Miguel. La de D. Miguel está mucho más lejos. ¡Oh, cuántos recuerdos! Se sube por un caminito, luego viene un gran soto de castaños, el portalón y la casa con su gran solana. En sus salones celebramos *los posibilistas* nuestra última reunión. *¡Qué bien estuvo D. Juan Manuel! ¡Qué palabra fluída y elegantísima!* Hasta tuvo la finura de dedicar una alusión a las armas del escudo. ¿Cómo son? ¡Ay, mi pobre memoria! Espuelas, calderos, una torre. O sólo espuelas y calderos.

42. Xentilmente cedida polo doutor X. L. Méndez Ferrín, a carta atópase no arquivo persoal de X. Manuel Salgado.

43. *Vid.* Carlos Baliñas, *o.c.*, p. 39.

—Serían sólo calderos viejos. Tome un pitillo. No, hombre, el poco veneno no daña, fúmelo usted. Ya va vencido el repecho. ¡Uf! Solo veo un ciprés. El otro debieron cortarlo. Para lo que sirven.

—Pero, hombre, qué poco respetuoso es usted para la tradición y la belleza. Esos calderos heráldicos no son de latón, sino de cobre y significan el honrado yantar que los caballeros daban a los suyos y con ellos lo participaban en amor y compañía. Y el ciprés es bello. A mi no me inspira fúnebres recuerdos. Es elegante y señoril en unos sitios, y en otros religioso. Me parece que fué doña Emilia Pardo Bazán quien lo llamó el "árbol ojival". Mire usted: ahora un gran pájaro se va a posar en aquél.

—Caramba, no tiene usted mala vista para sus años. Lo que no entiendo es cómo a usted, tan republicanote, le encanten esos romanticismos del escudo y del ciprés.

—Republicanote? Perdone que le diga que no sabe usted medir los conceptos ni las palabras. *Yo, como don Juan Manuel, combatíamos por un puro ideal que...*

—Si señor, no tengo nada que rectificar, entendámonos de una vez. *Republicanote, como ese diantre de D. Juan Manuel que no sé quién es, ni ganas tengo de saberlo,* como todos los sabiondos de entonces"[44].

3. VIDA E MILAGRES DE DON JUAN MANUEL PEREIRA

Segundo referimos anteriormente, Otero contou coa complicidade de *Los países del Extremo Oriente* para arroupa-la biografía anovelada deste seu parente, que seica pasou pola vida coma un brillante meteoro (p. 173).

44. Juan Gallego, "Viejos al sol: D. Juan y D. Ramón", *Misión*, (15-IV-1938), p. 4. (A cursiva é nosa).

Pero Pedrayo tivo tamén ollos para o pasado e oídos para recolle-las súas múltiples voces, de aí que moitas veces narre dende a memoria, imprimindo na materia verba o valor engadido da nostalxia. O relato oteriano, que como teremos ocasión de comprobar cobra dalgún xeito a forma de crónica, vaise centrar soamente nalgunha das etapas da vida de Pereira, omitindo algúns avatares da súa existencia que, por forza, Otero ten que coñecer, transgredindo nalgunha que outra ocasión a historia real do personaxe e traizoando a biografía deste cando o seu creador o xulga oportuno. Cómpre precisar así mesmo que este relato de ritmo apaixonado, plagado de imaxes de forte poder de evocación, a miúdo vese impregnado do pó que desprenden as ás da bolboreta da fantasía.

No mesmo ano en que os *Cen Mil Fillos de san Luís* cruzaron a fronteira para restaura-lo absolutismo na persoa do rei Fernando VII, no pazo da Reboreda, sito na parroquia de Santa María da Reboreda en terras de Redondela, veu ó mundo Juan Manuel Pereira de Castro. Era fillo de Ignacio Manuel Pereira, un activo militar contrarrevolucionario durante o Trienio Liberal, que chegou a ser "Vicepresidente de la Junta Apostólica de Galicia, Comandante General de la División del Miño y Jefe principal de los voluntarios Realistas de Galicia"[45]. Otero eludirá facer calquera tipo de referencia na novela ó proxenitor de don Xoán Manuel, levado evidentemente polo desexo de elimina-lo máis mínimo elemen-

45. *Vid.* X. R. Barreiro Fernández, *Liberales e absolutistas en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1982.

to impuro que poida contamina-lo sangue liberal e progresista do futuro embaixador.

A actitude desenfadada, o carácter burleiro, o espírito satírico, a querencia polo viño, as farras e as mulleres, características inherentes a outros dos moitos fidalgos deseñados por don Ramón, amósanse xa na persoa de don Xoán Manuel dende o mesmo momento en que este comeza a ser dono da súa propia historia. A seducción da mociña da "trenza de ouro" amais da dunha colexiala das freiras en Tui falan ben ás claras do carácter namoradeiro do protagonista. Neste segundo caso, o que vai facer Otero en realidade é trasladar á novela un episodio real da vida de Pereira, sucedido nos seus anos mozos na cidade de Ourense, cando irrompeu tralos muros do convento das Mercedarias para ver á súa amada, dona Narcisa Blanco, futura esposa do señor de Reboreda.

Posiblemente a *vox populi* fixo sabedor a Pedrayo da afección de Pereira por disfrazarse e a novela fíxose eco desta teima do fidalgo polo menos en catro ocasións: cando, interrompendo a súa viaxe de vodas, pasa a Portugal ó oficial comprometido con Prim; ó volver de Portugal na compaña dos cervatos; no momento en que, disfrazado de crego, emprende dende a localidade ourensá de Pereiro de Aguíar a súa viaxe á Coruña e, finalmente, cando despois de usa-los bos oficios dunha muller da Cava Baja, toma os hábitos desta para entrar no Congreso dos Deputados. Coñecida a natureza burleira de Pereira, quizais non sempre se servise de semellantes adobíos para fuxir dun inminente perigo; cabería supor que esta actitude estaría en perfecta sintonía co seu máis que acusado gusto pola posta en escena. De tódolos xeitos, pre-

cisa X. R. Barreiro, "na documentación histórica consta que Pereira se disfrazaba con asiduidade para pasar desapercibido ás autoridades que o seguían de cerca"[46].

Ó segui-las pasadas de Pereira, cabe dentro do posible que Otero se atopase con algúns ocos na súa biografía que o ourensán procurou encher dalgún xeito, producíndose a conseguinte alteración da mesma. Pensamos que o narrador traizoa a peripecia vital de don Xoán Manuel ó falarnos tanto da participación deste nos preparativos da Revolución de 1846, a carón de don Leoncio Rubín de Celis, como da súa activa intervención na loita que se desenvolveu nas rúas compostelás. Na abondosa documentación utilizada por Xosé Ramón Barreiro para a elaboración do seu libro *El levantamiento de 1846*[47], non aparece por ningunha parte o nome de Pereira, nin entre os procesos sumariais que se seguiron contra os sublevados nin como compoñente da Institución Universitaria, daquela moi activa arredor do evento. Pero o que lle resulta máis estraño ó citado profesor, vén se-lo feito de que, de ser certa a súa participación no Levantamento, "non solicitase no ano 1855 —como o fixeron a maior parte dos participantes no mesmo—, unha condecoración ou recoñecemento e, de feito, o seu nome non aparece nas listas oficiais"[48]. A contundencia das probas aducidas por este prestixioso historiador convídanos a rexeita-la hipotética presencia de Pereira no Levantamento, pero isto non quere dicir que haxa que excluír tallantemen-

46. *Vid.* X. R. Barreiro Fernández, "Ficción e realidade histórica..."

47. X. R. Barreiro Fernández, *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo*, Santiago de Compostela, Editorial Pico Sacro, 1977.

48. *Vid.* X. R. Barreiro Fernández, "Ficción e realidade.histórica..."

te a súa participación nos sucesos de 1846. Supoñemos que Otero Pedrayo, coñecedor das arroutadas de Pereira, do seu carácter temperamental e apaixonado, do seu talante intrigante e conspirador e da súa traxectoria política posterior, non dubidou en ubicalo no medio da treboada de abril do 46. É mester subliñar por outra banda que este episodio da historia de Galicia ten unha especial simboloxía para Otero e del fíxose eco en *Os camiños da vida*, posiblemente a súa máis ambiciosa novela. Segundo reflicte Otero na mesma, na loita polas rúas de Compostela topa a morte don Antonio Soutelo, trasunto daquel militar esparterista, desterrado a Barbantes e avó paterno do propio escritor. A lembranza oteriana do episodio e a súa querencia polo fidalgo da Reboreda tiveron quizais a culpa do anómalo proceder do ourensán respecto á biografía de Pereira[49].

49. Temos serias dúbidas sobre a hipotética participación de don Juan Manuel Pereira nos sucesos de 1846. Cónstanos con todo, que ós 19 anos, Pereira é xa todo un axitador político que está no punto de mira do Goberno presidido por don Baldomero Espartero. En efecto, a fins do ano 1842, don José Becerra, daquela Xefe político de Ourense, reseña o seguinte:

"... sabemos que el revolucionario don Juan Manuel Pereira, titulado el señor de Reboreda, que se hallaba hace tiempo en los pueblos fronterizos del vecino reino de Portugal con planes subversivos a la tranquilidad de esta provincia y la de Pontevedra, acaba de presentarse a las autoridades portuguesas de Chaves, reclamando el asilo que el derecho de gentes concede a los emigrados. Estas dispusieron internarlo en Villa Real" (*Boletín de Noticias*, La Coruña, 6-XII-1842).

Descoñecemos cal era a ideoloxía e mailos proxectos políticos de Pereira en 1842, pero a calificación de "revolucionario" que lle outorga o Xefe político de Ourense semella desvinculalo das conxuras carlistas, xa que, como atinadamente anota X. R. Barreiro, "*revolucionario,* na semántica política da época, equivale máis ben a progresista, conspirador progresista radical ou republicano". (Cfr. X. R. Barreiro, "Ficción e realidade histórica...").

Don Juan Manuel Pereira participa alomenos en dúas conspiracións: a primeira ten lugar no ano 1848, ano no que o noso personaxe aparece convertido nun activo instigador á rebelión contra o Goberno presidido por Narváez; así mesmo, nos meses anteriores á Revolución de Setembro de 1868, Pereira desprega unha enorme actividade a prol dos conxurados contra a raíña Isabel II. Pois ben, non deixa de ser chamativo o tratamento que de ámbalas dúas implicacións revolucionarias de Pereira ofrece Otero na novela, distorsionando cronoloxicamente unha delas e case que silenciando a outra.

Otero sitúa a don Xoán Manueliño en terras de Ourense antes de emprender viaxe cara á Coruña, cidade na que semella se-lo encargado de acende-la chama que dea paso ó alzamento (pp. 138-139). Está historicamente comprobado que Pereira, na compaña dun antigo carlista amnistiado, don Manuel Fraga, e dun belicoso republicano, don Xoán Bautista Alonso[50], andou por aquelas terras e mais polas do sur de Lugo facendo proselitismo entre os habitantes da zona, instigándoos á sublevación contra o poder despótico da monarquía borbónica, detentado e sustentado en grande medida polo xeneral Narváez. En Portugal redacta unha proclama da que fixo á súa custa 10.000 exemplares para repartir por Galicia, folletos que, segundo refire Otero, foron pasto das chamas mercede á dilixencia

50. Otero ten glosado a figura de don Juan Bautista Alonso nalgún dos seus artigos. (*Vid.* "Do século XIX. Serán de domingo", *Boletín Oficial del Centro Gallego de Avellaneda* 254, Buenos Aires, (xullo-agosto-setembro, 1930), pp. 18-19. Co título de "Serán de domingo", este artigo, agás unha pequena parte do seu comezo, aparece reproducido textualmente en *Céltiga* 147, (1931), pp. 10-11.